ESCOLA ROSALÍA DE CASTRO

Taragoña - Rianxo - A Coruña

Lat. N 42º 40´ 24,79´´
Lonx. O 8º 49´ 27,91´´

Fachada principal

A Escola Rosalía de Castro de Taragoña, en Rianxo, foi promovida no ano 1929 pola sociedade Hijos de Taragoña, formada en Bos Aires.

Na actualidade o edificio está moi transformado, polo que non é fácil achegarse a unha hipótese do estado orixinal. Neste caso, a proposta de distribución interior apóiase sobre todo en testemuños orais.

Resulta recoñecible a volumetría orixinal, formada por un prisma dunha única planta e cuberta a catro augas. Contaba a escola con dúas aulas, con accesos independentes desde a fachada principal, unha, e desde a posterior, a outra.

Pola variación dos tamaños dos ocos nos alzados laterais, poderíase supoñer unha tabicación maior da debuxada,

Detalles da fachada principal

Luz Paz Agras /Marta Marcos Maroño /Almudena Sánchez (arquitectas)

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

ESCOLA ROSALÍA DE CASTRO

Taragoña - Rianxo - A Coruña

Lat. N 42º 40´ 24,79´´
Lonx. O 8º 49´ 27,91´´

podendo tratarse de espazos dedicados a despachos dos mestres/as ou a pequenos aseos, pero non se puido confirmar ningunha destas hipóteses e as pegadas arquitectónicas que permanecen tampouco aclaran estes aspectos.

O edificio, dedicado a escola de ensino primario e orientación marítima en orixe, aínda permite hoxe contemplar o esmerado traballo das pezas de cantaría vistas dos muros. Os recercados das ventás adoptan diferentes formas segundo a fachada, compartindo todas elas acanaladuras nas pezas de pedra que reflicten un coidadoso traballo.

As propias pezas usadas no zócolo do edificio e nos esquinais denotan unha escolla particular en canto á calidade e aos tamaños e a colocación, unha estudada composición das xuntas.

Un elemento que dá unidade ao edificio e que adquire moita presenza na fachada é o peto que ocultaba parcialmente a cuberta. Formado por grandes pezas de granito que percorrían todo o perímetro, só se singulariza a fachada principal cun pequeno frontispicio no centro. Este tamén segue xeometrías simples de combinación de formas rectangulares cun remate semicircular. Contén unha placa en mármore branco co nome da escola, a sociedade promotora e o ano de construción.

O edificio íllase do terreo por unha plataforma de cachotaría que o ergue lixeiramente sobre este e obriga á formación de chanzos para ambos os accesos exteriores. A gran cantidade de ocos de carpintarías en todos os muros dotaba as aulas dunha abundante iluminación natural e da posibilidade de ventilación cruzada.

Na actualidade, o edificio orixinal resulta dificilmente recoñecible. Só se conservan as fachadas. Construíuse sobre el un novo edificio de baixo e dúas plantas que desvirtúa absolutamente o existente. Non só se trata dun baleirado interior para a súa adaptación a novos usos senón que o edificio orixinal se converteu nunha especie de casca descontextualizada.



Hipótese de estado orixinal

Detalles das carpintarías laterais

Luz Paz Agras /Marta Marcos Maroño /Almudena Sánchez (arquitectas)

CONSELLO DA CULTURA GALEGA